

ORDENANZA FISCAL N.º 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS E OUTRAS INSTALACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO

Artigo 1.º Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. A entrada e visita ao Museo das Mariñas.
- B. As visitas turísticas guiadas á cidade.
- C. A entrada e visita ao parque do Pasatempo.
- D. A prestación de servizos no Conservatorio Municipal Elemental de Música “Carlos López García-Picos” e na Escola Infantil Municipal “Santiago de la Fuente García”.

Artigo 2.º Base imponible e cota tributaria

A base e a cota tributaria determinaranse de acordo coa seguinte tarifa.

1. Entrada e visita ao Museo das Mariñas. Prezo xeral	1,25 €
2. Visitas guiadas pola cidade	44,00 €
3. Entrada e visita ao parque do Pasatempo (parte superior). Prezo xeral	1,25 €
4. Prestación de servizos no Conservatorio Elemental de Música “Carlos López García-Picos” por materia e ano:	125 €
5. Escola Infantil Municipal “Santiago de la Fuente García”	
5.1. Importe da matrícula	50,00 €
5.2. Prezo por asistencia	110,00 €
Servizo de comedor	33,00 €/mes
Nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor, mais si esporadicamente.	2,00 €/día
Cada hora en que se incremente o horario normal	13,75 €/hora

Artigo 3.º Exencións e bonificacións

3.1 Entrada e visita ao Museo das Mariñas

No museo das Mariñas estarán exentos os menores de 14 anos acompañados por unha persoa responsable, os maiores de 65 anos e os colaboradores invitados e investigadores, así como os grupos escolares do municipio.

3.2 . Entrada e visita ao parque do Pasatempo (parte superior).

No parque do Pasatempo estarán exentos os menores de 14 anos acompañados por unha persoa responsable, os maiores de 65 anos e os colaboradores invitados e investigadores, así como os grupos escolares do municipio

3.3 Prestación de servizos no Conservatorio Elemental de Música “Carlos López García-Picos”

Sobre o prezo por asistencia aplicaranse as seguintes reducións:	
Renda per-cápita mensual	Redución
* Inferior ao 50% do Salario Mínimo Interprofesional	100%
* Entre 50 e 75% do SMI	70%
* Superior ao 75% do SMI e inferior ao 100%	40%

* Entre 100% e 150% do SMI	10%
Sobre o prezo por asistencia e matrícula aplicaranse os seguintes descontos acumulables:	
* Familia numerosa:	20%
* Unidade familia monoparental:	20%
* Asistencia ao Conservatorio Elemental de Música "Carlos López García-Picos" dalgún/ha irmán/á:	20%. En caso de que nacesen dun parto múltiple, o desconto será do 30% por cada neno

No Conservatorio Conservatorio Elemental de Música "Carlos López García-Picos" estará exento o alumnado adscrito á Banda Municipal de Música

3.4 Na Escola Infantil Municipal "Santiago de la Fuente García":

Sobre o prezo por asistencia aplicaranse as seguintes reducións:	
Renda per-cápita mensual	Redución
* Inferior ao 50% do Salario Mínimo Interprofesional	100%
* Entre 50 e 75% do SMI	70%
* Superior ao 75% do SMI e inferior ao 100%	40%
* Entre 100% e 150% do SMI	10%
Sobre o prezo do servizo de comedor e horario ampliado:	
Renda per-cápita mensual	Redución
* Inferior ao 30% do Salario Mínimo Interprofesional	100%
* Entre 30 e 100% do SMI	50%
Sobre o prezo por asistencia e matrícula aplicaranse os seguintes descontos acumulables:	
* Familia numerosa:	20%
* Unidade familia monoparental:	20%
* Asistencia á escola municipal dalgún/ha irmán/á:	20%. En caso de que nacesen dun parto múltiple, o desconto será do 30% por cada neno
* Comezo do curso con posterioridade ao 15 do mes por circunstancias sobrevidas:	50% ese mes

Os suxeitos pasivos, non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

A) O mes de vacacións anual do/a neno/a.

B) Cando, por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

C) Cando, por causa debidamente xustificada, o/a neno/a deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte ao da data de ausencia ao centro. A suspensión de cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do/a neno/a ao centro. No entanto, se a reincorporación se producise con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao devandito mes reducirase nun 50%.

A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Excmo. Sr. Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación se realizase no prazo de dez días seguintes ao da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Excmo. Sr. Alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ao da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 7.º Devindicación

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza. Nos supostos xerais de entrada a Museos e instalacións, entenderase solicitada no momento de acudirse nos despachos de billetes

ou accesos manifestando verbalmente a petición. Nos supostos en que media solicitude expresa, se devindicará a Taxa no momento da súa presentación.

Artigo 8.º Normas de xestión

1. A xestión e recadación da Taxa corresponde aos Centros Culturais que prestan os servizos, e na súa falta á Tesouraría
2. Nos supostos de entradas para visita das instalacións, o pagamento esixirase e acreditarase por medio de boleto ou ticket que se obterá e expedirá no acceso aos edificios e aboarse antes de ingresar nas instalacións. Cando medie autorización previa, ao solicitar a súa concesión abonarase o importe estimado da taxa en concepto de depósito previo.
3. A primeira cota por matriculación no Conservatorio Conservatorio Elemental de Música “Carlos López García-Picos” e na Escola Infantil “Santiago de la Fuente García” abonaranse no momento da inscrición e as anuais ou mensuais, cargaranse polo xestor da taxa na conta bancaria designada polo beneficiario, sen necesidade de notificación expresa.
4. As cotas teñen carácter irreducible.
5. A Comisión de Goberno poderá autorizar a celebración de convenios nos cales se reduza ata o cento por cento do importe da entrada a aboar polos visitantes das instalacións culturais no momento de acceder a elas, quedando obrigada a entidade coa que se celebre o convenio. O convenio que se celebre determinará a garantía que debe prestar a entidade para garantir o pagamento.
6. Cando por circunstancias sobrevindas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/o neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo devandito mes terá un desconto dun 50%.
7. A inasistencia aos cursos ou clases durante un período determinado non supón redución ningunha nin exención de tarifa.

Disposición final

A presente Ordenanza, foi aprobada con data vinte de decembro de 2001 e comezará a rexer con efectos do día 1 de xaneiro de 2002 e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.